



Extracto do acordo da convocatoria pública de subvencións en especie de locais veciñais para asociacións veciñais e federacións ou agrupacións de asociacións de veciños para o ano 2021 (EXP.2020025711)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>) :

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias as Asociacións de Veciños con personalidade xurídica propia que reúnan os requisitos xerais establecidos no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 3 das Bases que rexen a convocatoria.

Segundo. Obxecto

Regular a concesión de subvencións en especie ás Asociacións de veciños e federacións ou agrupacións de asociacións de veciños, consistentes, na cesión de uso de locais en réxime de alugueiro, destinados a sede das entidades veciñais, xunto cos seus gastos racionalizados de luz e auga, no seu ámbito xeográfico e para o desenvolvemento das súas actividades.

Terceiro. Bases reguladoras

Acordo do 8 de agosto de 2019 da Xunta de Goberno Local de Aprobación das bases reguladoras da concesión de subvencións en especie de locais veciñais para asociacións veciñais e federacións ou agrupacións de asociacións de veciños (Publicado no BOP nº 197, do 28 de agosto 2019), *estarán á disposición dos interesados na Base Nacional de Subvencións e na páxina web do Concello de Ourense – www.ourense.gal –*

Cuarto. Contía

As axudas da presente convocatoria acóllense ao réxime de tramitación anticipada e financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios consignados na aplicación orzamentaria 300.9240.20200 ou nas que a substitúan no exercicio 2021, na contía máxima de 138.000 euros.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Ourense, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, achegando a documentación requirida nas Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Ourense.

Ourense, na data de sinatura electrónica

O Alcalde

Gonzalo Pérez Jácome